

ACTA DA XUNTA ORDINARIA DA FACULTADE DE HISTORIA DO 24 DE ABRIL DE 2020

Asistentes:

Presidenta

Reboreda Morillo, Susana

Secretaria

Cadilla Lomba, Josefina T.

PDI

Barriocanal López, Yolanda

Castro Pérez, Ladislao

Comendador Rey, Beatriz

López Díaz, María

Pérez Losada, Fermín

Prada Rodríguez, Julio

Rodríguez Teijeiro, Domingo

Uña Álvarez, Elena de

Vaquero Díaz, María Beatriz

PDI contratado

Campos Álvarez, Xosé Ramón

Presedo Garazo, Antonio

Estudantes

Crespo Nogueira, Alba

Diz Domínguez, Andrés

Ferreiro Calvo, Mireya

Lozano Ramírez, Amado Tierra

PAS

Rodríguez Bouzas, Josefa

Como consecuencia da situación xerada pola Covid-19, así como das restricións de mobilidade impostas polo estado de alarma decretado polo Goberno no RD 463/2020, prorrogado polos RD 476/2020 e RD 487/2020; a xunta realizase de xeito virtual, mediante o Campus Remoto na sala de xuntas 1 da Facultade de Historia, reuníndose os membros que figuran á marxe, o venres 24 de abril de 2020, ás 12.30 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2020.
2. Informe da presidenta.
3. Aprobación, se procede, das modificacións das guías docentes e das medidas do paso de docencia presencial a virtual (que aseguran o cumprimento de todos os requisitos indicados na instrución primeira do documento de Instrución do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades).
4. Análise da situación do alumnado de 4º de Grao, na materia de Prácticas Externas. Aprobación, e aprobación, se procede, das medidas a adoptar para a súa realización.
5. Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos validados na Comisión de Calidade:
 - 5.1. Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019.
 - 5.2. Política e Obxectivos de calidade do curso 2019/2020.
 - 5.3. Revisión e posta ao día do Plan de Melloras da Facultade de Historia.
 - 5.4. Actualización do procedemento relativo á Información Pública e Rendemento de Contas para o curso 2020/2021.
 - 5.5. Continuidade do procedemento relativo ao Seguimento e Medición para o curso 2020/2021.
 - 5.6. Informe e seguimento do plan de promoción do centro, curso 2019/2020.
 - 5.7. Actualización do procedemento relativo á Promoción das Titulacións para o curso 2020/2021.
6. Rolda de intervencións.

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 14 de febreiro de 2020.

Apróbase por asentimento.

2. Informe da presidenta.

Comeza referíndose ao documento elaborado polo equipo reitoral en relación á docencia e avaliación virtual debido á crise xerada pola Covid – 19. Recoñece que chegan diferentes recomendacións, en un curto espazo de tempo, o que xera unha enorme confusión e aumenta a carga de traballo. Nos dous últimos manuais se recomendaba o uso de a avaliación continua e, no caso de optar por un exame final, que a ponderación da cualificación non supere o 40% . Sen embargo, no documento borrador da convocatoria do Consello de goberno se menciona a obrigatoriedade de que a ponderación do exame na nota global non supere ese 40%. Se se aproba obrigaría a cambiar de novo o correspondente apartado das guías docentes. Os equipos decanais e as direccións dos centros expresaron o seu desacordo con estes cambios, se ben é certo que tampouco dependen directamente do equipo reitoral, senón da ANECA ou da Xunta.

Continúa informado de que o mércores 22 de abril, o Consello de Goberno da USC, aprobou un acordo polo que se regula o réxime especial da avaliación do curso 2019-2021. Flexibilidade para adaptarse á situación especial do estudantado e garantía de que a totalidade do alumnado poida participar nas probas programadas en condicións axeitadas, son dúas das premisas sobre as que se asenta o modelo da cualificación que se recolle no seguinte parágrafo: “para que esta situación excepcional non vaia en detrimento do expediente do alumnado, unha vez superada unha materia, recibirá unha cualificación que como mínimo será a correspondente á nota media do expediente da persoa avaliada. No caso de que a cualificación obtida da materia fose superior a esa nota media, no expediente reflectirase a cualificación obtida”.

A profesora Ana Sixto, pide a palabra para comunicar que hai un gran descontento entre o profesorado da USC por esta decisión; e que, ao parecer, na Universidade da Coruña tamén aprobaron este mesmo procedemento.

Susana Reboreda indica que a Universidade de Vigo aínda non se pronunciou ao respecto, hoxe hai unha reunión entre o equipo reitoral e a representación das delegacións de alumnado na que se tratará o tema. O alumnado da USC o que esgrime é que a situación de confinamento e a dificultade de acceso a internet, provocará un rendemento inferior. Desde o seu punto de vista , unha medida deste tipo debería ser negociada entre as tres universidades galegas para que non se produzan agravios comparativos, máxime cando hai titulacións interuniversitarias ou con acceso aberto a todo o alumnado por media, como por exemplo o Mestrado Universitario en Profesorado.

A profesora Ana Sixto, intervén empregando o chat habilitado para explicar con maior detalle a finalidade desta medida adoptada na USC e UDC: “para que esta situación excepcional non vaia en detrimento do expediente do alumnado, unha vez superadas no segundo cuatrimestre unha materia, prácticas externas ou superado TFG/TFM, recibirán unha cualificación que como mínimo será a correspondente á nota media do expediente do alumno/a. No caso de que a cualificación obtida na materia, prácticas externas, TFG ou TFM fose superior a esa nota media, no expediente reflectirase a cualificación obtida. A Vicerreitoría de Planificación Académica e Innovación Docente elaborará o procedemento que se seguirá para implementar esta medida”.

Interveñen varios docentes da facultade para explicar a súa opinión e expresar a súa preocupación no suposto de que se chegara a aplicar unha medida similar na UVigo. En liñas xerais aprécianse moitos problemas e desaxustes na medida comentada.

Susana Reboreda, considera que o acordo unilateral non é moi xusto. Todos estamos traballando para que o alumnado teña acceso a internet, para non sobrecargalos e agora comunícase este acordo doutra universidade galega, que de non aceptarse podería ocasionar un agravio comparativo. Entende que todo o profesorado estea indignado coa noticia, pero que hai que agardar ás negociacións entre o alumnado e o equipo reitoral e, finalmente, ao que se aprrobe no Consello de Goberno. Propón que hoxe se aproben os cambios nas guías docentes sobre as que habería que volver a actuar se as novas decisións así o requiren.

Solicítaselles aos representantes do alumnado a súa opinión. Intervén Amado Tierra, para explicar que o luns se reuniron, e que efectivamente unha das propostas é que a cualificación nunca fora inferior á nota media.

Por último, e en relación á folga do alumnado a presidenta informa que na UVigo non hai cifras sobre o seu seguimento e que na Facultade de Historia non hai coñecemento de que alguén a estea secundando.

3. Aprobación, se procede, das modificacións das guías docentes e das medidas do paso de docencia presencial a virtual (que aseguran o cumprimento de todos os requisitos indicados na instrución primeira do documento de Instrución do 6 de abril de 2020 da Secretaría Xeral de Universidades).

A decana pide desculpas porque o Mestrado de Valoración e Xestión e Protección do Patrimonio Cultural non ía incluído no documento que se enviou por falta de tempo, pero que xa está completo e que o coordinador o expoñerá na xuntanza.

Pide á prof^a. Beatriz Vaquero quen como coordinadora de grao participou activamente en todo o proceso que expoña os aspectos relacionados co Grao. Comeza explicando como se fixeron as modificacións das guías docentes para adaptalas ás novas circunstancias, as modificacións da planificación docente, e das saídas de campo. En relación á metodoloxía docente continuouse con FaiTic e comezouse coa docencia do Campus Remoto; os mesmos canles foron empregados para reforzar a atención personalizada.

Un dos aspectos máis complicados, é o tema da avaliación, porque as probas son bastante diversas e sempre foron presenciais. Consérvanse as probas e as porcentaxes de avaliación de todas as materias. Os exames poderán realizarse polo Campus Remoto, ou cos recursos cos que conta FaiTic. Como podería haber alumnado que podería ter problemas cos seus ordenadores, tamén se deixou aberta a posibilidade de utilizar outras alternativas, gravacións, escaneos, envío de fotografías a través do móbil, etc.

A problemática do TFG presenta tamén una dificultade especial, por problemas de acceso á bibliografía, artigos de revistas, monografías, manuais, e a imposibilidade de realizar traballos de campo. Na maior parte das tarefas de investigación o alumnado manifestaba serios problemas para conseguir o que serían os seus instrumentos de traballo. O prof. Julio Prada, coordinador do TFG, propuxo ser realistas, non era desexable para o alumnado ampliar ata setembro ou meses posteriores innecesariamente, por iso se aceptou que houbera remodelación nos TFG e facilitar os cambios que foran necesarios, tales como cambio no título.

A continuación, intervén o coordinador do Mestrado, o prof. Fermín Pérez, que indica que pola súa casuística de semipresencial e un título pouco afectado pola situación, agás en determinados aspectos. En relación ao TFM, permitiuse cambiar o título e o contido para que se poida facer desde casa sen ter que realizar traballo de campo. De feito hoxe mesmo chegou unha modificación para adaptalo a estas circunstancias. As Prácticas son a única actividade presencial. Deste tema informará con detalle no seguinte punto o coordinador de prácticas.

Apróbanse por asentimento, as modificacións das guías docentes e das medidas do paso de docencia presencial a virtual.

4. Análise da situación do alumnado de 4º de Grao, na materia de Prácticas Externas. Aprobación, e aprobación, se procede, das medidas a adoptar para a súa realización.

Toma a palabra o prof. Domingo Rodríguez Teijeiro, coordinador de prácticas, para informar que en relación ás prácticas do Grao en Xeografía e Historia, unicamente dous alumnos non as superaron coa nova normativa que as reconece con realizar a metade de horas, deixando aberta a posibilidade de

actividades complementarias. Conclúese que para eses dous alumnos que non acadan a citada porcentaxe, habería que tomar unha decisión, en relación a se poñer algún tipo de tarefa ou actividade para completar esas horas que faltan.

Beatriz Vaquero como coordinadora de Grao ofrécese a prestar axuda neste tema, considera que sería boa idea propor unha tarefa ou realizar un traballo online.

En relación ás prácticas do Mestrado, realizouse unha reunión informativa por e-meeting, e a situación non é tan doada, estamos nunha incerteza absoluta. Non se pode tomar unha decisión porque non hai nada que dependa de nós. Como novidade, pódense facer as practicas ata 30 novembro; pódese tamén pedir a anulación da materia de practicas e se lle devolve as taxas, sendo esta a é a última información que chegou esta semana.

A prof^a. Elena De Uña pregunta se non se pode substituír por unha actividade para non prexudicar a lectura do TFM. Domingo Rodríguez comenta que substituír as practicas con unha actividade era a proposta do equipo reitoral, pero tería que ser equivalente en formación, o problema radica en que tipo de actividade de 140 horas se podería pór marcha; ademais teñen o carácter de obrigatorias e deben realizarse en empresas ou institucións, que nestes momentos están sen actividade. A decana considera que o ideal sería negociar unha práctica online, pero reconece que é moi complicado.

Susana Reboreda, en calidade de coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que se realiza conxuntamente coa USC, explica que os dous alumnos chegaron ao 50 % das prácticas co cal a materia se considera superada. Poden presentar se o desexan o TFM en xuño ou setembro.

5. Aprobación, se procede, dos seguintes aspectos validados na Comisión de Calidade:

A decana explica que todos os aspectos relativos a este punto da orde do día foron validados na Comisión de Calidade do día 23 de abril. Consulta aos presentes, que xa teñen a documentación, se desexan tratar algún punto en concreto. No suposto de que estea todo o mundo de acordo, reflexaríase na acta da xunta o debate que se produciu na Comisión de Calidade.

Todos os membros presentes están de acordo coa proposta. Apróbase por asentimento.

5.1. Informe de Revisión pola Dirección do curso 2018/2019.

Explica a decana ás liñas xerais do IRD, e agradece o traballo realizado por Josefa R. Bouzas, administrativa da área de apoio a centros e departamentos que colabora coa facultade nas tarefas de calidade. Explica que ao igual que

aconteceu en anos anteriores, cando parte do informe está realizado a Unidade de Programas da UVigo remite datos que sofren modificacións en relación aos remitidos inicialmente. Este feito do que se deixou constancia por escrito no informe, produce moito desánimo porque supón volver a traballar sobre o xa traballado.

Apróbase por asentimento o IRD.

5.2. Política e Obxectivos de calidade do curso 2019/2020.

Explica a decana o documento. Unha das consecuencias inmediatas do Informe de Revisión pola Dirección é a revisión, das metas propostas no rexistro da Política e Obxectivos de Calidade que se elaboran en función das cifras acadadas e das metas previstas. En xeral este re axuste faise en base ao optimismo na mellora constante, resultado da aplicación do SGIC.

Apróbase por asentimento.

5.3. Revisión e posta ao día do Plan de Melloras da Facultade de Historia.

Outra das importantes consecuencias do Informe de Revisión pola Dirección son as conclusións que nos leva a reflexión dos distintos criterios que permite detectar puntos febles e propostas de melloras. Tamén revisar o estado das propostas de melloras do Informe elaborado o curso pasado e polo tanto a solución deses puntos febles. Sen embargo, a decana explica que hai unha serie de cuestións que se repiten nos sucesivos informes de seguimento e non se conseguen cambiar porque están fóra do alcance de actuación do equipo. Un deles é o de aumentar o índice de participación nas enquisas de avaliación docente. Púxose en marcha un proxecto piloto para facelas online durante dous cursos, pero no curso que avaliamos non se levou a cabo. O índice de participación na presencialidade continúa sendo baixo.

A prof^a. Beatriz Comendador, intervén para explicar que levan catro anos co mesmo problema, e sempre coa mesma resposta. Ela descoñece cal é o problema ao que ano tras ano non se lle da solución. No seu momento, cando era coordinadora do Mestrado Universitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, presentou varias queixas pero non se conseguiu nada.

Susana Reboreda, opina que incluso este ano parece que estamos a sufrir un retroceso ao non manter o proxecto piloto.

Continúa a decana indicando que hai unha taxa pequena de gradación, tanto no grao como no mestrado. Outro aspecto é que unha porcentaxe moi baixa de alumnado preséntase a todas as materias que se matriculan, descoñécense as causas e como se poderían determinar. Ambos factores (taxa de gradación e de avaliación poden ter que ver co perfil do alumnado da modalidade

semipresencial, que poden encontrar atrancos pola súa vida profesional. Pero estas situacións tamén afectan á modalidade presencial.

Outro tema pendente é a sala para o profesorado, que aparece en sucesivos informes, pero que non se atopa un espazo idóneo.

A taxa de abandono do Grao tamén é alta, non ocorre o mesmo co mestrado. Na modalidade semipresencial, pode funcionar a mesma explicación porque hai persoas que inicialmente consideran factible compaxinalo co traballo e despois dada a dificultade optan por abandonar a titulación. Noutros casos descoñecemos o motivo. Hai un par de cursos unha acción de mellora deste aspecto era realizar unha enquisa telefónica preguntando polas causas, pero a política de protección de datos o impide.

A partir das enquisas de satisfacción se determinan algunhas demandas por parte do alumnado que non se comprenden. Por exemplo, entre o alumnado de mestrado afirman non coñecer as actividades extra-académicas, totalmente visibles nas webs do centro e o título ou na web do campus. Outro apartado con pouca puntuación é, que a facultade non realiza actividades de orientación profesional, cando a realidade é que se realizan pero o alumnado non asiste.

Outro tema importante, que o reitorado coñece, é o do envellecemento do profesorado, no que tampouco se conseguiron importantes melloras. O ano pasado logrouse que ao profesor Domingo Rodríguez Teijeiro se lle asignara a docencia na Facultade de Historia por substitución do profesor da área que se xubilou. O paso seguinte sería lograr unha situación semellante na área de Historia de América. Desde o equipo decanal insístese en que non se pode tirar de profesores asociados dado que moi teñen limitada a súa implicación no centro.

Se ben é certo que, salvo as situacións mencionadas, en liñas xerais, as accións de mellora que se propoñen nos progresivos informes, se levan a cabo con éxito.

Apróbase por asentimento.

5.4. Actualización do procedemento relativo á Información Pública e Rendemento de Contas para o curso 2020/2021.

A decana explica que a base do documento é a mesma que ven caracterizando a este procedemento; simplemente realizouse una actualización con respecto as vías ou temas que se innovaron no curso 2018/2019. A vista desta actualización o centro e os seus títulos cada vez mostran unha maior transparencia nunha información que mellora a súa accesibilidade.

Apróbase por asentimento.

5.5. Continuidade do procedemento relativo ao Seguimento e Medición para o curso 2020/2021.

Este procedemento se prorroga porque se considera que os ítems de medición que propón a UVigo son suficientes e cobren as necesidades de análise e seguimento dos títulos do centro e para a implementación da mellora continua.

Apróbase por asentimento.

5.6. Informe e seguimento do plan de promoción do centro, curso 2019/2020.

Neste rexistro se analizan as accións de captación que figuraban na planificación cara o curso 2020/2021. En primeiro lugar, todas as accións programadas leváronse ou vanse levar a cabo neste mes, incluso realizouse algunha a maiores que non estaba proxectada. O resultado a nivel global resulta moi satisfactorio, como proba que se superou por tres anos consecutivos o plan de viabilidade, alcanzado y/o superando o número de primeira matrícula esixido pola Xunta.

Entre as accións destaca a realizada pola empresa Xeitura, de feito, Begoña Garrido aquí presente é a persoa que está en contacto cos centros de secundaria e realiza unha importantísima labor de difusión presencial. Un ano máis obsérvase un incremento dos centros de ensino da provincia de Pontevedra. No documento que se enviou figura unha análise de todos os aspectos implementados e os resultados.

Apróbase por asentimento.

5.7. Actualización do procedemento relativo á Promoción das Titulacións para o curso 2020/2021.

Como sucede no punto 5.4, a base deste documento, que recolle as liñas xerais de desenvolvemento do proceso de captación de alumnado, segue a ser a mesma, pero hai unha actualización progresiva das novas accións, en xeral, de aquelas que foron implantadas durante o curso, tanto a nivel de Centro, como a nivel da vicerreitoría de captación de alumnado, estudantes e Extensión universitaria.

Así, por exemplo, por parte do Centro para reforzar as redes sociais contratouse a Rosa Veiga, antiga alumna da facultade, para que realice unha publicación de produción propia á semana en Facebook, Instagram e Youtube.

Este documento debe recoller o proxecto de accións de captación para o curso vindeiro, pero a decana é consciente que simplemente son suxestións, dado que o equipo decanal actual xa non estará, e previsible que o próximo equipo que veña realizará, sobre este proxecto, todos os cambios que considere oportunos.

Vaise comezar xa co proceso de captación online coa colaboración, como en anos anteriores, da empresa Nasas. Este ano realizaranse cambios na campaña, e nas personaxes que serviron de imaxe da facultade nestes anos. Dadas as circunstancias actuais a campaña será unicamente online e non se realizarán impresións en papel. Intervén a secretaria Josefina Cadilla para indicar que as ABAU serán presenciais e que por ese motivo podería ser interesante realizar unha pequena tirada para estar presentes fisicamente eses días nos centros universitarios onde se realizarán os exames. Acórdase que así se fará.

Apróbase por asentimento.

6. Rolda de intervencións.

A decana realiza quere ofrecer unha visión optimista do que sucede: considera que se está facendo todo moi ben grazas ao esforzo e interacción entre os tres colectivos: PDI, alumnado e PAS, hai moita vontade e todos e todas estamos a traballar arreo. A situación é complicada, chea de incerteza, cunha sucesión de noticias cambiantes. Dentro desta situación anormal fai unha chamada ao ánimo e agradece o traballo realizado.

A prof.^a Beatriz Comendador, opina que o PDI e o alumnado o está a facer moi ben. Considera que incluso hoxe estamos máis coordinados que antes porque nos reunimos todas as semanas a falar, estase a realizar un sobre traballo e un sobre esforzo en xeral. Temos que ser positivos, haberá problemas pero tamén haberá solucións. Felicita a todos/as en xeral.

O prof. Fermín Pérez, en calidade de director do Departamento de Historia, Arte e Xeografía, desexa dar uns breves avisos: estase nestes momentos coa elaboración do POD que está moi retrasado, en concreto o do mestrado se retrasou bastante, e aínda non está completo. Xa está iniciado o proceso, para a semana convocarase reunións informativas aproveitando as salas da facultade do campus remoto.

O representante do alumnado Andrés Diz Domínguez pregunta polo xeito de conseguir agora os certificados/xustificantes dos exames para o alumnado semipresencial. A prof.^a Beatriz Vaquero propón que se soliciten por correo electrónico e que se remitirán firmados dixitalmente.

Finaliza a decana Susana, dicindo que se informará debidamente de todas as novidades. O mércores haberá Consello de Goberno e a súa finalización



realizará un resumo que enviará por correo electrónico. O xoves realizarase como sempre unha reunión virtual.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 13.40 h do día 24 de abril de 2020, da que eu como secretaria , dou fe co visto e praxe da decana.

A decana
Asinado dixitalmente
Susana Reboreda Morillo

A secretaria
Asinado dixitalmente
Josefina Cadilla Lomba